

Neira Vilas en Buenos Aires, 1952

Nas capas: pormenor dun
pano de mesa con debuxo
de Seoane e dedicatorias
doutros intelectuais galegos
a Neira Vilas e Anisia Miranda,
nunha cea de despedida
á parella ante o seu
traslado á Habana.
Buenos Aires 1961.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Roberto Varela Fariña

Conseleiro de Cultura e Turismo

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

Secretario xeral

M^a Carmen Pardo López

Secretaría xeral para o Turismo

Francisco López Rodríguez

Director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos

José Manuel Rey Pichel

Director xeral do Patrimonio Cultural

Eva Vázquez Lima

Xefa de Prensa e Gabinete

CASA DA PARRA

Pilar Corredoira López

Coordinación

EXPOSICIÓN

Comisarios

Valentín García Gómez

Luis Reimóndez Fernández

Creación, guiión, dirección
do proxecto expositivo

Barro Salgado Santana

(Grupo Revisión Deseño)

Montaxe e itinerancia

Artifecto Cultural

CATÁLOGO

Coordinación, textos e fotos

Fundación Neira Vilas

Gres. Vila de Cruces (Pontevedra)

Deseño gráfico e maquetación

Barro Salgado Santana

(Grupo Revisión Deseño)

Impresión

Alva gráfica

D.L.: C 649-2011

ISBN: 0000000000000000

AGRADECEMENTOS

Concello de Vila de Cruces

Antón Pulido

Armindo Salgueiro

Cándido Pazó

Chema Pazos

Consello da Cultura Galega

“Arquivo da Emigración”

Editorial Galaxia

Esperanza Lema

Federico Fernández

Fundación Penzol

Ismael González

Museo do Pobo da Estrada

“M. Reimóndez Portela”

Pablo Iglesias

Paco Lareo

Reyes Ferradás

Siro López

Víctor Freixanes

Xan Leira

Xaquín Marín

Xoán Domato

Querido Balbino:

1961-2011 Cincuenta anos de
Memorias dun neno labrego

Xosé Neira Vilas

JOSÉ LUIS MEILÁN GIL, RECTOR MAGNÍFICO
DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA



TUDO AQUEL QUE VEXA E LEA ESTE DIPLOMA
DOUTORAL FACEMOS SABER E CONFIRMAMOS

QUE O ILUSTRÍSIMO SEÑOR
DON XOSÉ NEIRA VILAS, POLOS EXTRAORDI-
NARIOS MÉRITOS QUE CONCORREN NA SÚA
PEXOA COMO ESCRITOR, CAPAZ DE RECREAR
CUN FONDO LIRISMO O MUNDO DAS VIVEN-
CIAS COTIÁS E POLA SÚA PERMANENTE DEFEN-
SA DA LINGUA E DA CULTURA GALEGAS COMO
VIEIROS PARA TENDER LAZOS DE ENTENDE-
MENTO ENTRE AMBAS BEIRAS DO OCÉANO
ATLÁNTICO, FÍXOSE ACREDOR DA MÁIS ALTA
DISTINCIÓN ACADÉMICA DA UNIVERSIDADE
DA CORUÑA QUE, EN REUNIÓN DO CLAUSTRO
UNIVERSITARIO DO DÍA 3 DE DECEMBRO DE
MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS, ACORDOU
NOMEALO DOUTOR HONORIS CAUSA DA
DEVANDITA UNIVERSIDADE.

EN TESTEMUÑO DESTE RECOÑECIMENTO
ESTENDEMOS E ASINAMOS ESTE DIPLOMA
DOUTORAL NA CORUÑA O DÍA DEZASEIS DE
XANEIRO DE MIL NOVECENTOS NOVENTA E
OITO. &

ÍNDICE

	TEXTOS INSTITUCIONAIS
7	Introdución Roberto Varela Fariña Conseleiro de Cultura e Turismo
8	Balbino, a arte de facer da necesidade virtude Rafael Louzán Abal Presidente da Deputación de Pontevedra
9	Unha peza literaria ateigada de acertos Anxo M. Lorenzo Suárez Secretario xeral de Política Lingüística
10	Somos segundo de onde procedemos Antonio Crespo Iglesias Director xeral de Desenvolvemento Rural
11	A identidade desde o corazón Francisco López Rodríguez Director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos
	CARTA A BALBINO
13	Querido Balbino Xosé Neira Vilas
19	MEMORIAS DUN NENO LABREGO E XOSÉ NEIRA VILAS Valentín García Gómez
25	ALGUNHAS VALORACIÓNS DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO
55	BIOBIBLIOGRAFÍA



Anisia Miranda e Neira Vilas pedalando no parque da Facultade de Agronomía, Buenos Aires 1956.

Dentro da fecunda produción literaria galega de mediados do século XX, Xosé Neira Vilas e as súas *Memorias dun neno labrego* ocupan un lugar moi especial por merecemento propio. Nos anos escuros da posguerra e a ditadura foi en boa medida a Galicia do outro lado do Atlántico e, por riba de todo, o Bos Aires de fala galega de Castelao, Dieste, Blanco-Amor, Seoane, Díaz Pardo, Lorenzo Varela e tantos outros, quen sostivo de forma brillante a nosa cultura e as nosas letras. A moitos dos anteditos tivo Neira Vilas o privilexio de tratalos en persoa; todos eles influíron nel de forma decisiva, como no conxunto dos galegos.

Da parroquia de Gres, trasladada dende Vila de Cruces ata Bos Aires, saíu o relato máis certo, sentido e emblemático da vida labrega, e naceu Balbino, un rapaz de aldea e, sen dúbida ningunha, un dos personaxes máis coñecidos e influentes da nosa literatura.

Neira Vilas foi quen de outorgar nas súas *Memorias* unha enorme dignidade aos labregos e, por extensión a todos os galegos, sen pasar por alto a denuncia, que xorde directamente da historia, das desigualdades e inxustizas que ten que sufrir Balbino.

A marabillosa narración do rapaz de aldea atrapa ao lector dende o seu primeiro e famoso parágrafo. Balbino leva atrapando lectores e lectoras dende hai cincuenta anos coa mesma forza que o libro daquel Capitán Smith o enfeitizou a el. Por iso, a súa é a novela máis lida da literatura galega, traducida a idiomas como o ruso, o chinés, o sueco ou o checo. Por iso, Balbino hai tempo que deixou de ser un ninguén para atoparse na selecta galería dos personaxes universais.

Balbino e Neira Vilas están este ano de aniversario. Ou, o que é o mesmo, Galicia e a nosa literatura están de festa.

Roberto Varela Fariña
Conseilleiro de Cultura e Turismo

Balbino, a arte de facer da necesidade virtude

Transformar a rudeza do cotiá nunha fermosa e tenra historia non é abofé tarefa sinxela. Porque, pese á crueza do contido do relato, isto é *Memorias dun neno labrego*, unha fermosa historia que fala da vida dun rapaz calquera de calquera aldea da Galicia do século XX.

Se analizamos o texto co vidro do tempo atopámonos cun novo libro, case un tratado sociolóxico, escrito sen panos quentes, visto a través dos ollos embazados de bágoas dun neno pobre. O seu nome, Balbino. O seu mellor don, a súa fabulosa capacidade para facer da necesidade virtude.

Rapaz inqueda con merecida rebeldía, Balbino denuncia as inxustizas case sen darse de conta do que está a facer. A través del o seu autor, Xosé Neira Vilas, vai artellando un relato crítico-social tinguido de inxenuidade e inocencia, que permite recrear a realidade do mundo cun doce lirismo.

Memorias dun neno labrego supuxo un antes e un despois na historia da literatura galega. Marcou un punto de inflexión no devir das nosas letras ó descubrir que se pode escribir, e aínda triunfar, falando do noso.

Logo de moitos anos en Cuba, no 1992 Neira Vilas voltou á súa casa natal e puxo en marcha a Fundación que leva o seu nome, a través da cal continúa o seu labor cultural, social e xornalístico. Unha entidade coa que a Deputación colabora asiduamente. O propio escritor foi recoñecido co Premio Provincial da Cultura.

Con motivo do cincuentenario da publicación cómpre rememorar a ardua tarefa desenvolvida por Xosé Neira Vilas na defensa da cultura e a lingua galegas. Para rematar, gustaríame felicitalo moi sinceramente por ter dado vida ó cativo, ó heroe Balbino, e por parir un dos libros motivo do noso orgullo.

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación de Pontevedra

Unha peza literaria ateigada de acertos

A historia da literatura galega construíuse, en non poucas ocasións, a partir de capítulos asombrosos e, por veces, inexplicables, como o constituído polo feito da irrupción auroral de Rosalía de Castro en pleno século XIX, quen escribe e publica, ante os ollos admirados do mundo, *Cantares gallegos*, un poemario insolente por ser vindicativo, por estar escrito nunha lingua daquela totalmente ninguneada e pola propia condición de muller da súa autora, que publica o libro de poemas co seu nome real e non baixo o dun pseudónimo masculino, acto de disfrace tan común na época.

As *Memorias* dun neno labrego de Xosé Neira Vilas son as memorias dun neno que, por neno, nunca abandona unha visión adánica do mundo, pero que proxecta unha mirada insolente: gábase da súa condición de labrego, cuestiona as inxustizas sociais que padecen os da súa condición na sombría Galicia do seu tempo e pregúntase —como fixera o sabio Padre Sarmiento 200 anos atrás— por que a lingua de seu, que é a lingua de todos os demais escolantes da aldea, non é tamén a lingua da escola.

Que as *Memorias* foron unha peza literaria ateigada de acertos (literarios e non literarios) quedou demostrado co éxito editorial que obtivo nos seus 50 anos de vida, case sen parangón na historia da literatura de noso. Tales acertos debéronse á mestría literaria e ás virtudes humanas do autor, quen naqueles anos que comezou a escribir as peripecias do neno aldeán Balbino, despois de case dúas décadas de emigración ininterrompidas, dedicaba as súas horas e os seus días á esforzada e quixotesca tarefa da promoción da literatura e do libro galegos na Arxentina a través da editorial Follas Novas, proxecto editorial no que estivo acompañado pola súa inseparable compañeira Anisia Miranda.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Política Lingüística

“Somos segundo de onde procedemos” e Galicia procede do rural. Galicia é o que é grazas ao rural que forma parte inherente do seu pasado, do seu presente e do seu futuro.

Nas nosas accións, na nosa maneira de entender a vida e nos nosos xenes, a herdanza dos antergos está aí e eles deixáronnos a Galicia que gozamos e vivimos hoxe. Dun xeito sorprendente, a esencia do rural, os nosos costumes e a nosa maneira de vida agocháronse lonxe da narrativa coidando que eran negativas, que había que escondelas, escribíase sobre temas moi diversos, pero moi rara vez sobre como eramos socialmente.

As *Memorias* rompen esa liña, dun xeito desenfadado, profundo e ao mesmo tempo sinxelo, móstrannos como eramos en pureza. Por primeira vez se reflite nun libro a nosa maneira de entender a vida durante unha boa parte do século XX. Grazas a Xosé Neira Vilas temos un testemuño fidedigno da nosa realidade, da nosa maneira de entender e entendernos, unha contribución enormemente valiosa que nos axudará a nós e as xeracións futuras a comprender mellor o que somos.

A nosa gratitude eterna a Xosé por dignificar, por dar testemuño agora permanente de cómo eran as nosas venturas e desventuras, en definitiva, por contribuir a engrandecer o concepto de cómo era a vida na nosa Galicia recente e a que nos sintamos orgullosos dela.

Antonio Crespo Iglesias

Director xeral de Desenvolvemento Rural

A identidade desde o corazón

Soamente hai unha infancia no mundo. O tempo de descubrir, de observar, de sentir e de desenvolver a persoa na etapa da sinceridade e da inocencia. Por iso Balbino ten un lugar xunta a Tom Sawyer, Alicia ou Harry Potter: unha mirada nova en cada neno, un universo que comeza. A Harry Potter —poño por caso— as circunstancias defínenlo; a Balbino, a súa capacidade de observación, de interpretar, de achar no máis sinxelo elementos potentísimos para desenvolver unha consciencia propia, e para transmitila limpa ás galegas e galegos que gozamos coa narración da súa vida, con ese texto no que Neira Vilas desaparece para cederlle o seu talento a ese fillo da nosa terra.

Hoxe, aquel rapaz aparece cincuenta anos máis novo. O noso grande éxito literario, que coñece as linguas máis importantes do mundo, leva no tempo a capacidade de expresar algo cada vez máis sentido. Non importa que as súas corredeiras deixen na superficie de parecerse á actualidade; para os que volvemos ás súas páxinas, tráenos un gozo novo en cada lectura. O de transformar en creación o sinxelo, o próximo, o común; o de formar a identidade desde o corazón. Por iso podemos proxectalo a outros países, a outras culturas: porque pode integrarse en calquera paisaxe e manterse sempre como el mesmo. Balbino, ese rapaz dono de si e do mundo, que cada vez que abrimos o libro comeza unha nova forma de facerse adulto.

Francisco López Rodríguez

Director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos



Neira ingresa na RAG, imponselle a medalla o presidente Fernández del Riego. O colofón da primeira edición reflite o lugar e o tempo da escrita.

MEMORIAS DUN NENO LABREGO, DE
XOSE NEIRA VILAS, REMATOUSE DE
IMPRENTAR EN ARTES GRAFICAS AL-
FONSO RUIZ, RUA GENERAL URQUIZA
Nº 564, BUENOS AIRES, O 5 DE XANEIRO
DO 1961.

CARTA A BALBINO

Querido Balbino:

Eramos da mesma idade. Con vinte anos eu marchei para América e ti ficaches na aldea, en calquera aldea das tantas aldeas galegas. Tamén ti eras un dos tantos Balbinos, pois daquela había moitos (non de nome pero si de condición). Nunca te esquecín, porque sería coma esquecerme do meu propio berce, do meu eido orixinario, de min mesmo, que en definitiva son ou fun, coma quen di, un Balbino máis. Un ninguén.

Funme da casa de meus pais, como ti te fuches, pero marchei moito máis lonxe, coma tantos daquela, e coma tantos asentei na cidade de Buenos Aires. Alí, un día e outro, un ano e outro traballei, estudei, dependín moitas cousas, tratei homes e mulleres de diversas latitudes e diversos xeitos de pensar, coñecín o ancho do mundo, un amplo e novo horizonte, e rillei as codias resesas do pan que o demo amasou. E canto máis lonxe estaba da miña parroquia de orixe, máis me sentía dela e por iso me dediquei a defender o país onde nacera e faláballe del con emoción aos paisanos e aos de fóra. E un día boteime a escribir, na mesma lingua en que vai esta carta; a mesma que lle escoitei a meus pais e a meus avós e aos meus veciños; a mesma en que tatexei as primeiras falas por entre os palitroques do meu berce de freixo que fixera meu pai e que serviu tamén para arrolar, co agarimo de cancións que viñan de pais a fillos na lingua de cada día, a seis gromos que foron abrollando na casa despois de min.

Aquela lingua era no desterro un signo de identidade, un fio que me mantiña vinculado ao meu país e que me permitía seguir sendo eu. Era como unha bandeira ergueita, un faro para non perderme, para continuar o meu rumbo, para non me esluír.

E nesa teima da palabra escrita, tras dez anos de emigrado e con trinta no corpo, boteime a escribir sobre ti, e contei ao meu xeito a túa vida, a que che tocou vivir alá polos teus doce ou trece anos, cando ocorreu aquilo do cantazo na testa do señorito provocador que tanto te encirrou, e é de razón que algún día hai que arrepoñerse se non queda outro camiño. E o certo é que non o tiñas pois enriba teu pai humilloute coa tunda que che arreou diante do veciño rico, para compracelo. E fuxiches da casa denantes de que te botasen, que niso andaban. Resulta moi triste aquela frase paterina de que “é o fillo do señor e abonda”. Quería dicir que había que aturarlle todo. E iso era inxusto. Doíache que aquela pedrada puidese ser a causa de que vos botasen das terras e tivésedes que ir polas portas do mundo. Eu son un home de paz, xúrocho, pero sígo pensando que fixeches moi ben arrepoñéndote, e tamén fixeches ben aquela madrugada baixando polo bacelo vello e liscando para Loxo; o certo é que fuches un emigrante, inda que o teu destino fose un lugar a onde podías chegar a pé.

Na casa do Landeiro, coma nun desafoño, escribiches a túa andaina de neno pobre, golpeado pola vida desde que naceras ata o día da tolona humillante. Fuches escribindo nun caderno todo aquilo, é dicir, escribino eu, en tardes sucesivas, nun café de Buenos Aires, pero escribino coma se o fixeses ti mesmo. Falei por ti. Púxenlle voz a aquel rapaz, a Balbino. E o caderno non llo dei a ningún Alberto, a ningún sobriño do Landeiro. Deillo a unha imprenta, hai cincuenta anos, e na imprenta fixeron un libro que se

traduciu a moitos idiomas, e a túa vida, que é a vida de moitos coma ti, foi coñecida por medio mundo. O teu nome e a túa historia andan dende hai tempo en letra de imprenta, e tamén en pintura, escultura, cine, canción e teatro. Non é pouco. E saben de ti en moitos lugares milleiros de rapaces e rapazas que pasan as follas deste libro, saben da túa existencia e da túa xusta rebeldía, e querenche coma se foses o mellor amigo deles. E non só os rapaces. Persoas de todas as idades séntense achegadas a ti, solidarias contigo, e para que o saibas, ata se fala de erguerche un monumento. Non me negarás que todo isto é moi bonito.

Iso da pedra e da túa fuxida é o final da historia que escribín, pero no meu caderno feito libro conto moito máis. Falo de Pachín, aquel cadelino amigo teu, listo, agarimoso, que un día morreu e choraches por el, enterráchelo na horta e plantaches unha cerdeira na súa memoria; e de cando te “perdiches”, no agro, entre os renques de millo, enrabechado porque te castigou teu pai cando soubo que lle enfeluxaras a cara ao túzaro de Manolito; e da túa conversa co xudeu, aquel veciño que falaba claro, ou sexa, que pensaba o que pensaban todos pero que só el se atrevía a dicilo e que por iso lle tiñan algo de tirría; e do loito que che encambaron cando morreu teu tío Braulio, un loito sen fin, polo que non che deixaban ir ás romarías nin divertirte no Entroido cos xenerais e os correos e a vellada, nin correr tras dos foguetes; e de cómo os grandes se meten ás toas na vida dos rapaces, e inda máis, como era o caso do teu compañeiro Andrés, que o pai chegaba bébedo da taberna e mallaba nel e nos seus irmáns e algunhas noites de xeadas tiveron que saír da casa; e de cando o teu irmán Miguel marchou para América e ti falaches de marchar tamén algún día, e teu pai e teu padriño armaron unha regueifa sobre se conveña ou non iso de

emigrar; e do rebusque no campo da festa tras da romaría, e a cai-xiña feita que atopaches e que escondiches entre a area na beira do río, e que unha enchente arramplou con ela e coa túa ilusión; e de Eladía, aquela mestra nova e agarimosa que te apreciaba, e namorácheste dela, e un día casou, foise da aldea e doeche no corazón, e moito despois víchela na feira mercando louza e fúcheste do lugar; e de cando andabas con outros do teu tempo xuntando estalotes, codesos, flores de nabo e de romeu, trobiscos, herba de Santa María, herba cruzada e follas de bieiteiro, e o ritual do lume na encrucillada, e a gaita, e as meigarías, e o sol bailando na mañanciña; e da morte de teu padriño, e os choros, e os responsos, e os veciños axudando, e os parentes que chegan ao velorio, e os rezos, e aquel corpo inmóbil dentro do cadaleito, e a roupa negra, e o teu cavilar sobre o río da vida, e o soño misterioso que tiveches; e de Lelo, o amigo que te salvou de afogar no río, e as ilusións dos dous, e os xogos compartidos, e o raposo que levastes casa por casa, e a despedida cando el marchou cos pais para o Brasil, e as vosas cartas por enriba do mar; e aquel ano que fuches sancristán, e o repenique das campás, e o traxe novo, e o túmulo, e o teu cavilar sobre os santos, e a parva na sancristía cando había enterro ou cabodano; e a túa conversa no atrio co enterrador, e os ósos dos mortos, e o sentido da vida, e a idea de facer xenerosamente algo de proveito para non morrer de todo, e o teu xuramento.

Falo de todo isto no caderno, ou sexa, no libro que titulei **Memorias dun neno labrego**. O neno es ti, o fillo de caseiros, insultado unha e outra vez por Manolito, un larchán fillo do dono das terras arrendadas por teus pais. O mesmo señorito que menciono no comezo desta carta, que falaba castelán na aldea porque se sentía por enriba de todos. Un rapaz de mala crianza a quen ti, canso

das súas aldraxes lle afitaches cunha pedra, e tras diso, a somanta que che deu teu pai, a fuxida da casa, o Landeiro, o caderno...

Querido Balbino, estou en Gres, a onde volvín tras canear por América ao longo de corenta e tres anos. Esta é tamén a túa terra, o teu ámbito, aquí están os teus camiños, o río, as árbores, o monte, os labradíos, as insuas, o campo da festa, as bolboretas e os paxaros. E tamén os xogos, a escola, o magosto de piñóns, a igrexa, o atrio cos mortos de cada veciño, as cántigas, os ditos e refráns, a lembranza dos que se foron polo mar. Tantas e tantas cousas...

En medio século o mundo cambiou moito. E tamén cambiou o pequeno mundo teu e meu, sucedéronse as xeracións, hai outras modas e tamén outros modos, outras cancións, outras palabras que se foron mesturando coa nosa fala, outros medios para saber o que acontece no mundo de lonxe, tan revoltos coma sempre. Pero o esencial está como estaba. Permanece. Por iso os Balbinos de hoxe, inda que en xeral teñen mellor mantenza e mellor escola, visiten mellor, non tripan lama, e os máis deles andan en coche, seguen lendo as túas “memorias”, e cando se lles vai algo, falan co pai ou co avó e deseñada volven ao rego.

E nada máis por hoxe, compañeiro, amigo dende a infancia e para sempre, rapaz auténtico da Galicia eterna e auténtica. Xuntos estamos de por vida.

Unha aperta e un aturuxo do teu veciño, teu amigo, teu pai e teu biógrafo-fabulador

Xosé Neira Vilas
Gres, marzo de 2011

VALIDO PARA EL LIBRE DESEMBARCO DE EXTRANJEROS QUE POSEAN
TODOS SUS DOCUMENTOS, DE ACUERDO CON LAS DISPOSICIONES VIGENTES

CADUCA A LOS 2 AÑOS DE SU OTORGAMIENTO

Exp. 170.745/48



El sellado de reposición corre agregado al expediente de la referencia.
La Dirección General de Migraciones de la República Argentina, de acuerdo con el
pedido que se formula en el expediente a que se refiere esta credencial, ha concedido permiso
de libre ingreso al país a D. JOSE SANTIAGO NEIRA VILAS,



*español, católico de 19 años
de edad, soltero, residente en
España.
Dispuso con autorización
de los padres y a su llegada
al país pasará a disposición
del Defensor de Menores.*

Entrada na Arxentina, o 10 de febreiro de 1949; Neira ten vinte anos.
Anisia Miranda e Neira Vilas casan en Bos Aires, o 21 de febreiro de 1957.



MEMORIAS DUN NENO LABREGO E XOSÉ NEIRA VILAS

Memorias dun neno labrego cumpre 50 anos dende a súa publicación, despois de ser escrito en Buenos Aires no segundo semestre de 1960. Saíu do prelo (imprenta de Alfonso Ruíz) o 5 de xaneiro de 1961, na editorial Follas Novas que crearan Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda poucos anos antes, co fin de difundir a literatura galega por boa parte de América e mesmo dentro de Galicia. Da cuberta encargouse un gran amigo deles, o extraordinario ilustrador Luís Seoane. Imprimíronse 2.000 exemplares, dos que foron distribuídos en Galicia 300 a través da Editorial Galaxia.

Poucos anos máis tarde, en 1968 reeditouno en Sada (A Coruña) Edicións do Castro, con cuberta e ilustracións de Isaac Díaz Pardo e un proemio de Xesús Alonso Montero. A mesma editorial reeditaríao moitas veces (a vixésimo quinta en 2007), nove delas con tiradas de 10.000 exemplares; Akal, de Madrid, fixo cinco edicións, e “La Voz de Galicia”, unha, de 57.000, que entregou co xornal no ano 2002. Hai sete edicións en castelán: catro a cargo da casa madrileña Júcar; unha por Kalandraka, de Pontevedra; e dúas na Habana pola editorial Arte y Literatura, con prólogo de José Antonio Portuondo e debuxos de José Luis Posada, a primeira cunha tirada de 70.000, e a segunda de 55.000. Ademais do castelán tamén foi traducido ao éuscaro, catalán, asturiano, francés, inglés, alemán, romanés, sueco, chinés, ucraíno, búlgaro, italiano, ruso, checo e portugués. Existe unha edición en braille para cegos e acaba de ser traducido ao esperanto polo filólogo e profesor Xesús Moinhos (un capítulo xa se publicou na revista esperantista *Beletra Almanako*, que se edita en Nova York). En 1970, Ramón Sierra Varandela fixo unha versión teatral en castelán, da que se levaron a cabo, pola compañía estatal mexicana “Jacinto Caneque”, baixo a dirección de Manuel Novelo, ao redor de duascenas representacións nas comunidades rurais dos

estados mexicanos de Quintana Roo, Iucatán e Campeche. Un ano despois presentouse de novo nas mesmas comunidades, pero esta vez en lingua maia.

A xeito de resumo, podemos informar que están impresos ao redor de 600.000 exemplares, (ata o 31 de decembro de 2009). Entre outras reedicións, a Editorial Galaxia publicou recentemente (ao tempo que inauguraba a Biblioteca de Autor) unha edición en rústica e outra especial con motivo do cincuentenario. Hai dous documentais referidos a esta obra: un de Víctor Freixanes, para o programa A trabe de ouro, da TVG (1986), e outro de Ismael González e Xan Leira (2002); está listo o guión para unha longametraxe; dramatizáronse varios capítulos na Televisión Italiana, e ademais da versión teatral de México, escenificáronse en galego fragmentos diversos en múltiples colexios de Galicia. O escritor e actor Cándido Pazó vén de estrear con moito éxito a peza que tituló *Memoria das memorias dun neno labrego*, baseada na novela.

Esta narración véñse utilizando como libro de lectura en colexios e institutos de Galicia, e tamén se utiliza ou utilizou, en castelán, en centros de ensino medio de Cantabria e en escolas de secundaria básica de Cuba, e en alemán, nas Universidades de Leipzig e de Tréveris.

Publicáronse traballos diversos e elaboráronse teses de licenciatura nas Universidades de Roma, Moscova e Borgoña (as dúas últimas foron publicadas en libro). Outros estudos fixéronse a cabo nas de Fortaleza (Brasil), Grenoble (Francia), San Petersburgo, Santiago de Compostela e Buenos Aires.

Con *Memorias dun neno labrego* nace a literatura galega para nenos e adolescentes.

En abril de 2010, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (na filial de Lalín) levou a cabo un curso titulado: “Xosé Neira Vilas. Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe”. Entre outros, participaron os profesores Xosé Luís Axeitos, Dolores Vilavedra, Xosé Antonio Aldrey, Victorino Pérez Prieto, Román Rodríguez, Xesús Alonso Montero, Luís Fernández Ríos, Marcial Gondar, David Otero e Pilar



Anisia e Neira Vilas nunha mostra bibliográfica de Otero Pedrayo (1959).
Exposición do Libro Galego Contemporáneo organizada pola parella (1958).



González Yanci. Os respectivos relatorios vains publicar a Deputación Provincial de Pontevedra.

O 30 de maio de 2009 presentouse no museo Verbum, de Vigo, o libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego*, publicado en Madrid, en edición non venal, por iniciativa do cineasta e escritor Ismael González, coa colaboración do Concello de Vigo. Contén traballos de 53 colaboradores. Co mesmo título, e coordinado polo profesor Avelino Muleiro, vaise publicar en Ir Indo Edicións unha obra que suma outras colaboracións ata un total de 98, trece delas en linguas de fóra.

Na actualidade, Xosé Neira Vilas séguese creando e recreando a súa literatura, labor que alterna coa presidencia da **Fundación** que leva o seu nome e ten a sede na casa natal do escritor (unha casa do s.XVIII máis un novo edificio anexo), en Gres, no Concello pontevedrés de Vila de Cruces.

Esta entidade creouse en 1993 e está catalogada pola Xunta de Galicia como de interese cultural e de interese galego. Conta con biblioteca pública, cunha sala de lectura para nenos e adolescentes e outra para adultos. Ten servizo de informática. Hai en total 8.700 volumes. 350 socios/as con carné teñen dereito a levar libros en préstamo. Ademais da lectura en sala lévanse prestado á beira de 14.000 títulos. Os usuarios/as habituais residen nun radio de ata 13 km.

Existe un museo etnográfico, cunhas 400 pezas ordenadas por temas (agricultura, fogar, pesca fluvial e marítima, proceso do liño, gaiteiros, apicultura, ago, tecidos, proceso do viño, etc). Nunha sala de actos véñense ofrecendo concertos, exposicións, teatro, charlas, cursos de lingua galega, informática, temas agrícolas, etc.

A Fundación tamén convoca, en anos alternos, a nivel de toda Galicia, os premios literarios Arume (poesía) e Estornela (teatro). Publícanse as obras premiadas nos dous xéneros.

É o único centro cultural do seu tipo en toda a Galicia rural.

Valentín García Gómez
Comisario da exposición e
Secretario da Fundación Xosé Neira Vilas



ADIANZE

A NOSA VOZ PREGOA — A REDENZON DA BOA — NAZON DE BREOGAN

ANO II

BUENOS AIRES, XULLO 1955

NUMERO 4

Loitemos por un pobo Galego ergueito

A nosa Terra está asoballada. Néla non existen liberdades. Todos o sabemos moi ben. E a aqueles que temos consciencia da nosa personalidade e do crime que se está a cometer coa nosa pátria, doños. A todos nos doñ o sufrimento da Terra e quixéramos véla ceibe, poboada por homes libres e cultos.

A todos nos doñ o sufrimento da Terra, mais ¿qué facemos por ela? En xeral, os emigrados, loitamos por Galicia; dun xeito ou d'outro, moito ou pouco, ben ou mal encamiñados. Indubidabelmente a colectividade galega é unha colectividade viva.

Algúns dos nosos emigrados —os que coidan que a solución da Hespaña consiste en numerar repúblicas— loitan directamente nas feiras republicanas. Non é que esté mal, pois a república en Hespaña (pol-o menos a segunda) era unha cousa moi séria para a inmensa maioría do noso pobo e do pobo catalán; para a inmensa maioría dos demais era, como quen di, un hino bailabel.

Estes homes dinnos que non haberá liberdade na Galiza namentras non a haxa na Hespaña. D'acordo, mais, o feito de que a Hespaña sexa ceibe non quere dicir que tamén sexa ceibe a Galiza.

Se a Hespaña se orgaiza de xeito unitario, a nosa Terra non terá liberdade nacional, e os homes que pertencen a unha comunidade que non é ceibe non se poden chamar libres, anque gocen individualmente de numerosos dereitos cidadáns.

Se a Hespaña se orgaiza de xeito federal, ou sexa, estados autónomos unidos por un goberno central, estaremos máis próximos ao noso

Órgano de difusión das Mocedades Galeguistas de Buenos Aires, do que Neira era co-director (1958).

molesto. Os cataláns coñecen ben este problema pol-o que a eles lles pasou durante o bienio negro da segunda República.

¿Unha federación de repúblicas Ibéricas? É unha boa solución para comezar a nós entender. Mais, unha pregunta: ¿Van, os hespaños, otorgar unha absoluta independencia a cataláns, bascos e galegos, para que logo, xunto cos portugueses, formemos unha Comunidade de Nacións con igualdade de dereitos? Unha ollada aos derradeiros cinco sécu-

O Reino Unido e a Franza contra a liberdade dos pobos

Somente os nazionalistas somos capaces de comprender a todos os pobos do mundo e de sentirmonos irmanados co'es, respetando a diversidade natural da humanidade. Os que temos as nosas pátrias asoballadas comprendemos aos pobos que loitan pol-a liberdade contra os estados imperia- listas, asoballadores políticos, económicos, culturais e sociais. Os galegos, con cinco séculos de imperialismo castelán a costas, vemos con ledicia o despertar da conciencia nacional en todo o mundo. Somente pol-o triunfo dos principios nazionalistas, basados no respecto pra todos os pobos, poderá o mundo atopar o verdadeiro vello da Paz.

O REINO UNIDO E CHIPRE

Chipre, cuia poboación é inmensamente grega, é un dos territorios con que a rapiña inglesa formou o camiño da India. Hoxe, o movemento da "Enosis" (unión con Grecia), ergue por toda a illa a rebeldía contra o invasor. A mocidade chipriota loita desesperadamente pola liberdade da súa pátria: lémos nos xornais noticias sobor de folgas estudiantís, arrestos de estudantes, condenas a estudantes...

Son "terroristas", dinnos as aburguesadas e imperialistas axencias informativas; mais nós admirámoslos e comprendémolos. Tamén no nosa Terra son "bandidos" os que loita pol-a liberdade.

A Franza e os pobos do norde de África

A Franza ten o seu império colonial disfrazado co moi galante nome de "Unión Francesa". Os territorios do norte da África foinos ocupando pol-a forza militar dende principios do século pasado.

Algún, (Arxéla), ata forma parte da metròpoll e seus poboadores son cidadáns franceses; pero con todo non teñen dereito a estudar o seu idioma nativo.

Hoxe esperta en todas partes a conciencia nacional. Marrocos, Arxéla, Túnez, recraman a súa independencia. E ante todo isto, a Franza mártir que loitou heroicamente contra a invasión alemá, impón salvaxemente a súa invasión a 20.000.000 de persoas.

Se non que puidamos os pes na terra, e cavi- lemos sobor de se non será mais proveitoso para a Galiza que loitemos para que o noso pobo teña consciencia da súa galeguidade, da súa diferenciación nacional e do dereito á liberdade que ten a súa Terra; e así, ergueito, seipa defendela diante calquera poder asoballador da península ou de fora.

¿Que o noso pobo se sinta conscientemente galego, que se sinta seguro da súa Pátria Galega, e ninguén será capaz de asoballalo nunca!



Neira desenvolve en Buenos Aires unha intensa actividade nos anos cincuenta, como escritor ou como secretario das Mocidades Galeguistas.



ALGUNHAS VALORACIÓNS DE MEMORIAS DUN NENO LABREGO ¹

“Un neno con aspiracións como Balbino se quería ler non tiña libros nin biblioteca”. **Marilar Aleixandre**

“O relato de Neira Vilas tróuxonos unha bafarada de vida, unha bafarada de realidade galega ante a cal Balbino, o seu sinxelo cronista, invítanos a non ser cómplices (...). O libro foi chegando ás aulas, ós traballadores das fábricas, ós galegos de Francia e Suíza, ás mans campesiñas, a certos departamentos universitarios... Para miles de lectores foi unha revelación, unha ‘revolucionaria’ revelación”. **Xesús Alonso Montero**

“Neste libro está o proceso, a fuxidía autenticidade de ser alquitarada por unha alma que xa deixou atrás aquel eito do proceso, mais leva del a imborrable impronta”. **Antón Alonso Ríos**

“Es un libro breve, desgarrador y tierno. Un latido del corazón. O, mejor, un acorde que se repite en armónicos angustiadados las más de las veces e insinuando otras un sueño o una ilusión que se quiebra en su amanecer. Siempre la dominante de la ternura que anhela el alto vuelo de la alondra en libertad”. **Laureano Álvarez**

“Xosé Neira Vilas inventou un personaxe singular, único, que non foi construído como modelo referencial ou paradigma sociolóxico. É unha creación heterodoxa, moi afastada dos programas do que certa moral *boy-scout* hoxe vixente considera pedagóxicamente correctos”. **Xosé M^a Álvarez Cáccamo**

(1) Hai moitas máis, que non se inclúen por falta de espazo...

“Aquel libro impactárame moitísimo; lémbroo con clareza. Eu estudaba en Valdoviño e todos viñamos da aldea, mais non era xa a aldea de Balbino, pero soábanos polo que contaban os pais e os avós. Todos somos herdeiros da literatura anterior a nós.” **Rosa Aneiros**

“Teño para min que resulta do caso agradecerlle de novo as *Memorias dun neno labrego* a Xosé Neira Vilas. Desta vez por revelaren aos nenos aldeáns de hoxe como é que foron seus avós. Que ben lles virá saber-coñecer de onde veñen”. **Valentín Arias**

“Moitos países inventaron o neno durante o século XIX e os Estados decatáronse de que a escola podía ensinar aos nenos a ser bos cidadáns. Foi para moitos países europeos a era da escola primaria e a educación foi a forza que deu un pulo definitivo aos idiomas nacionais. Pero Galicia non tiña Estado, nin mestres nin nenos. Os nenos traballaban. Ata que chegou Neira Vilas e inventa un rapaz que pensa, un rapaz que quere aprender, que ten vontade de ser persoa, como diría Dieste”. **Xosé Luís Axeitos**

“Aber das Wunderbare geschicht. Aus der Geschichte des galegischen Autors tritt hervor, was Balbino und den Seinen widerfahren ist und noch immer geschieht: ualte Menschheitsgeschichte, Wahrheit des einfachen Lebens”. **Helmut Baldauf**

“Había, pois, en Galicia varios prototipos de Balbinos, pero ningún tan fermosamente descrito como o Balbino rural que Neira Vilas descubriu como arquetipo dun modo de vivir e soñar”.

Xosé Ramón Barreiro

“Entre Balbino e o lector, malia a distancia e as enormes diferenzas que poida haber, prodúcese un entendemento alén das palabras. Quizais porque nas memorias de moitos de nós, incluídas as últimas xeracións ás que pertence quen asina estas liñas, aínda fica o neno labrego con todo o que iso implica” **Afonso Becerra**

“Somos cómplices das penalidades deste rapaciño. Entramos na intimidade do seu diario. Descubrimos un cativo cheo de bondade e de ilusión pola vida. Balbino é a voz da consciencia galega, e sufrimos con el as diferenzas de clase, o absurdo costume dun loito sen fin, a morte do seu can Pachín...”. **Uxía Blanco**

“Os personaxes que se moven nesta ben contada historia –na que vai de narrador timonel o Balbino–, son todos eles comprobables, auténticos. Revélanos un mundo que o autor viviu e mamou”. **Eduardo Blanco-Amor**

“La obra exhibe por protagonista un niño que desde su rincón aldeano contempla y sufre la dureza de una existencia de fatigas y privaciones, pero que percibe al mismo tiempo los aspectos poéticos que le sirven de providencial contrapartida y quizá también de oportuno consuelo”. **José Blanco Amor**

“Der Erfolg dieses Buches laßt sich wohl vor allem damit begründen, daß hier alle Hauptprobleme Galiciens als persönlich-kobkretes erleben eibes gístig regen Kindes beschriben sind, dessen unvoreingenommener Blick noch durch keibe Ideologie verstellt ist. Dieses verstellt ist. Dieses Kind-sein Name Balbino Kina, weist es schon aus-stent für alle galeguischen

Bauernkinder unseres Jahrhunderts, für ihre Armut, für die schwere Arbeit von frühem Alter an, die Demütigungen durch die Kaziken (die lokalen Potentaten, die, absolute Gewalt im Dorf ausüben), für ihren Bildungshunger, den ein zurückgebliebenes Schulwesen, in einer ihnen unverständlichen Sprache, nicht stillen kann für ihr Streben, so schnell wie möglich erwachsen zu werden, um auswandern zu können”. **Klaus Bochmann**

“Balbino, producte d’una trista Galícia rural, esdevé al llarg de la narración el representant d’una consciencia de classe (...) capaç d’arribar a la conclusió que bé caldrá rebelar-se algúna dia”.

Lluís Busquets i Grabulosa

“... Tiñamos un heroe, Balbino, un rapaz da aldea, coma quen di un ninguén. O libro era o noso orgullo: do Xesús Rábade Paredes, do Manolo Branco, do Fiz Vergara Vilariño, do Carlos Rábade...”

Darío Xohán Cabana

“Volver anos despois a este texto resulta ser un exercicio sociolóxico. Regresamos a nós mesmos e encontrámonos palpitando aínda coa inocencia. A mirada inocente do máis perdura dos personaxes nosos”. **Xosé Carlos Caneiro**

“Un libro de positivo interese, que no sucesivo haberá que ter en conta sempre que se fale da nova narrativa galega”.

Ricardo Carballo Calero

“Eu era talmente outro Balbino. Neira Vilas sen me coñecer, escribira un libro sobre min. Por primeira vez na vida sentín que se dignificaba o campo e os seus trafegos, a xente do común, os humildes, os do idioma aldraxado, os pobres”. **Pope Carballude**

“As palabras de Memorias dun neno labrego son xa, dende 1961, parte nosa, de todas e todos os galegos, nelas nos recoñecemos, non menos que nos versos de Rosalía ou Cabanillas”

Ramón Caride Ogando

“Eu que coñezo ben a vida labrega, a vida dos nosos nenos, porque con eles ‘traballei’, brinquei e fixen estraxoladas, *Memorias dun neno labrego* forma un pouco parte da miña propia vida”. **Leandro Carré**

“Cando chegou por primeira vez ás miñas mans *Memorias dun neno labrego*, eu xa estaba exercendo de mestra. Aínda que nacín dez anos antes daquela primeira publicación en Buenos Aires, non o lin ata finais dos setenta (Edicións do Castro). Xa tiña eu un fillo e unha filla! Sentírame tan identificada co devandito neno, que tomei ao autor, a ti, por unha sorte de meigo adiviño, capaz de resumir en poucas páxinas a vida de cada un dos *Balbinos e Balbinas* dunha época máis longa do que quixeramos: tamén eu nacín nun tempo e nun ambiente de ventás cegas á liberdade, aínda que inxenuamente máis feliz ca Balbino”. **Fina Casalderrey**

“...es una estampa de la campiña galega, a través del relato de un niño, cándido y sincero como una lágrima”.

Héctor Castagnino

“Todo un universo pasou por diante de Balbino, un mundo recoñecible hoxe, ategado de dor, arelas, novas experiencias e paixóns”. **Xavier Castro**

“Balbino come un bambino in qualche modo ‘universale’ poichè rappresenta la situazione del bambino povero ed emarginato, di paese, che soffre ma che ha una cosa che molti dei suoi precedenti ‘letterari’ non hano: una coscienza de classe”. **Patrizia Compagnoni**

“...está escrito con tan hondo sentido y pureza que las palabras reverberan iluminando el trasfondo social de los conceptos, intuídos perfectamente más allá del lenguaje, de su decir sencillo, difícil sencillez de lo trascendente”. **José Conde**

“*Memorias dun neno labrego* es una obra testimonial de sorda rebeldía contra la vida de aplastamiento e injusticia que soporta el labriego gallego (...). El gallego empleado por Neira Vilas en esta obra es sencillo y vivo y el estilo está lleno de expresividad (...). Es una de las mejores obras de la narrativa gallega moderna, en la que el autor aborda desde dentro, desde las mismas raíces, a través de las experiencias y observaciones de un niño de clase labradora, las causas que provocan en Galicia el impulso migratorio”.

Xavier Costa Clavell

“O rural foi e é a esencia da nosa Galicia. As *Memorias* son o elo intermedio que une a Galicia do pasado coa Galicia moderna, reflectindo dun xeito realista e maxistral os nosos costumes, o noso fondo e a nosa forza”. **Antonio Crespo Iglesias**



Neira foi o secretario da Comisión Organizadora do Congreso da Emigración (1956). O escritor na clausura do Congreso (L.Tobío, Alonso Ríos, Puente, Canabal, entre outros).



“...páxinas onde se reflexa o drama da nenez dos nosos ágrs, mergullada nun ambiente de cativeza económica e cultural, orfa de toda comprensión”. **Bieito Cupeiro**

“...campa no percorrer das súas páxinas unha leve brétema de poesía e humor, ese humor retranqueiro tan consubstanciado coas nosas xentes, en especial as do ágro que quizais lles devén do mesmo sufrimento no cotián dialogar coas propias mágoas”.

Moisés Dapresa

“Un libro de excepcional importancia en la marcha de la narrativa gallega. Con este libro llegó el realismo y el compromiso. Su influencia fue fecunda y liberó a la narrativa gallega de la esterilidad en que estaba cayendo...”. **Guillermo Díaz Plaia**

“É necesaria unha “edición anotada”, pois non podemos deixar que os feitos, os sentimentos, penas e angurias de Balbino queden como anécdota histórica fosilizada, xa que, se así sucedese, os que despois cheguen perderán un anaco da súa esencia”.

Xesús Domínguez Dono

“Grazas a Neira Vilas descubrín que tamén se podía escribir do que nós faciamos; que a aldea era materia para escribir”.

Afonso Eiré

“Balbinok gure neno labrego dalakoak, bere esku samurretaki matasea haridulten dihardu, jasean, astiro; jazoera arrunten aloban, bulko ta gorabehera barriak aitatuten dituala”.

Eusebio Erkiaga

“*Memorias dun neno labrego* es una verdadera e indiscutible obra maestra desde su aparición, ya clásica, en la literatura gallega”.

Salvador Espriu

“...nos pinta maravillosamente la vida familiar del aldeano, sus felicidades, sus cuitas y desgracias. Cada personaje que nos presenta es una alegría o una triste realidad de nuestro ágro. Cada capítulo es un tratado sociológico”. **Manuel Fabeiro Gómez**

“*Memorias dun neno labrego* deulle a Neira Vilas ampla fama. Este seu primeiro volume narrativo vén ser o reflexo dunha realidade dolorosa que o escritor coñeceu e sufriu nos seus anos infantís nunha aldea galega”. **Francisco Fernández del Riego**

“O éxito das *Memorias dun neno labrego* é a súa sinxeleza, a súa frescura, a pureza que rezuma das súas páxinas que mantén o interese do lector. Non só dun tipo determinado de lector senón de todos, sexan grandes ou pequenos, da aldea ou da cidade. Balbino é un personaxe entrañable”. **Xosé Fernández Ferreiro**

“Este libro atravesou diferentes fases de recepción: ao principio liámolo cunha perspectiva social, a oposición de pobres contra ricos, a defensa do mundo rural. Na miña última lectura descubrín vetas novas, pois Balbino aprende que as palabras sirven para nomear o mundo e contar a súa historia. Agora isto é para min o fundamental.” **Agustín Fernández Paz**

“...tal era a popularidade e o aprecio que se tiña polas andanzas de Balbino, polo menos entre os mozos que daquela andabamos polos vinte e tantos anos e que soñabamos cunha Galicia distinta á das *Memorias*”. **Francisco Fernández Rei**

“O ano 1961, en Buenos Aires, viu a luz un libro excepcional: *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. Trátase dunhas narracións cargadas de vida, de realismo, escritas dun xeito tremendamente nu e directo; unha clase de literatura fundamente galega que era moi necesaria entre nós”. **Manuel María**

“E foi emoción psíquica e literaria a que eu sentín cando debullei aquelas páxinas cheas de realidade e de pálpito vital”.

Miguel Anxo Fernán-Vello

“*Memorias dun neno labrego* é un gran relato. Unha narración auténtica. Comprendo moi ben o seu contido, pois de certa maneira é tamén a miña historia, dado que nacín e crieime nun ambiente compeñado. É unha narración moi valiosa para a nosa literatura tan falla de testemuños”. **Celso Emilio Ferreiro**

“Dunha maneira ou doutra, todos somos *balbinos*. E todos encontramos *manolitos* ao outro lado do noso espazo. Ás veces mesmo no propio. E todos seguiremos as mesmas preguntas que desacougaban a Balbino”. **Manuel Ferreiro**

“...as “*Memorias*” forman parte da crónica sentimental de catro xeracións (...). Durante moitos anos foi case o único texto de iniciación á lectura en galego, antes de que a lingua estivese recoñecida nos plans de estudo e nos currículos escolares”.

Víctor Freixanes

“Estamos ante un libro de varias materias e disciplinas que ilustran a vida dos moi diversos territorios galegos e sensibilidades que perpetúan a nosa idiosincrasia”. **Xosé Lois García**

“Las *Memorias* están repletas de referencias que son ineludibles, que forman parte del corazón que marca el ritmo de los sentimientos”. **Emilio García Fernández**

“Igualmente, a literatura da segunda metade do século pasado non sería a mesma sen a publicación dunha obra, *Memorias dun neno labrego* (1961), que marca un antes e un despois no temario narrativo galego e que axudou a *redimir* tanta opresión, tanto esmagamento, tanto desprezo inflixido á aldea, aos desposuídos, aos labregos sen terra de seu, aos galego-falantes, en definitiva”.



Pilar García Negro

“No tempo dos soños e das procuras, chegou un día Balbino para facerme partícipe das súas confidencias. Compartimos espazos, segredos e vivencias... Balbino segue a ser a nosa conciencia e as súas verbas perduran pulando para encher os silencios. A súa voz, testemuña dunha dura realidade, dignifica o que fomos e segue a ser portadora de universais arelas”. **Mª Rosario Golmar Saavedra**

“Neira Vilas fixo un precioso poema da aldea. Fixo un libro cheo de maxia, sinceridade, vida. Todo é auténtico nas súas palabras. Todo nos abre a alma. Todo nos leva a unha aldea con problemas pero viva. Esas aldeas que el e eu amamos tanto (...). Eu lin esta obra en Fisteus, mirando os ollos tranquilos das vacas, sendo aínda unha nena”. **Lupe Gómez**



Primeira edición en Buenos Aires e primeira en Galicia, abaixo dúas das moitas realizadas por Edicións do Castro.



“Balbino segue a ser o máis grande dos etnólogos da nosa aldea porque nel, a reflexión e a vida son as dúas caras da mesma moeda, e, sobre todo, porque *“os que non pensan non merecen ser persoas, digo eu”*”. **Marcial Gondar**

“É unha historia semellante á de David fronte a Goliat. O David é Balbino, o rapaz pobre, o fillo do servidor, do caseiro; o Goliat, é o fillo do señor, enchido pola súa posición social, que vén a todo correr con dous axudantes monte abaixo, a valmontes. A arma é unha simple pedra do camiño que vai con toda a rabia do mundo contra a cara de Manolito”. **Bernardino Graña**

“Un libro que é o primeiro destes tempos en dar razón viva dunha terra e dunha xente que parece destinada a ser esquecida, mellor, pasada por alto de propios e estraños”. **Aquilino Iglesia Alvariño**

“...para as mozas e mozos do meu tempo aquel libro supoñía un encontro con nós mesmos. Era unha gratificación na autoestima”. **Baldomero Iglesias, Mero**

“Ten a virtude de facer coincidir no mesmo texto o realismo máis crú coa visión, só en parte inxenua, do neno que habita o rural galego dos anos corenta”. **Bieito Iglesias**

“Neira Vilas foi o primeiro autor en chegar aos rapaces; conseguíu unha conexión sentimental con todo un país. Non todos os escritores poden dicir iso”.

Santiago Jaureguizar

“A miña humilde opinión sobre das Memorias do Balbino, é unha pregunta, como bon galego que son.

¿Qué memoria se podería escribir do neno labrego de hoxe, tendo en conta a distancia que existe entre unha sacha e un ordenador? Balbino, neno labrego, nunca pasará”. **Paco Lareo**

“¡Cantos Balbinos hai nas nosas aldeas galegas, que teñen que quedar sen estudar por falta de recursos e de axuda!”. **Xosé Laxe**

“Balbino é o noso Huckleberry Finn. É o tema do descubrimento do mundo. O libro ten máis actualidade da que se sospeita. Lino sendo rapaz e daquela pasaron desapercibidos aspectos que logo se me fixeron evidentes: o conflito de clase que se mesturaba co cultural, o caciquismo”. **Alberto Lema**

“Cando lin as *Memorias*, hai xa máis de trinta anos, sentínme plenamente identificado co protagonista, porque sendo como era da aldea e galegofalante, non me cabía a menor dúbida de que eu era outro Balbino, porque ademais tamén me parecía ter a súa rebeldía infantil”. **Xosé M^a Lema**

“I first met you almost 40 years ago with “Memorias dun Neno Labrego” Castr edition (1972). Though your roots were in the Valle de Ulla with your father and creator, Xosé Neira Vilas, I recognized your universal voice...seeking understanding in a world that paid little attention to “un ninguén...un rapaz probe de aldea”.

Linda Lockart Marks

“*Memorias dun neno labrego* provocou en min un sentimento especial, un achegamento máis profundo ás miñas raíces galegas; remontoume á vida dos meus devanceiros labregos. Foi por ese Balbino, representante de tantos outros nenos da Galicia profunda, que comecei a investigar sobre as orixes dos escritos de Xosé Neira Vilas en Buenos Aires. A tenrura de Balbino motivou dous libros meus sobre o autor da novela”. **Nora Longhini**

“Contén reflexións universais sobre a descuberta do mundo”.
Irma López Silva

“En Balbino temos o Harry Potter da nosa literatura galega”.
Francisco López-Barxas

“Hai feitos na cultura que son irreversibles. Quen tratou de seguir a estela de *Memorias dun neno labrego* non o logrou. É un punto final, un clásico”. **Antón Lopo**

“Esta obra pertence á literatura universal, e foi para moitas xeracións o seu primeiro contacto coa literatura galega”.
Anxo Lorenzo

“...os cativos de Neira Vilas sorprenden por sabidos, por reflexivos, por razoadores. Pero os nenos da Galicia labrega son nenos madurecidos á forza antes de tempo, nenos que comparten os traballos dos maiores aínda antes de ir á escola, nenos afeitos a gardar o gando na inverniá, a varrer a folla nas carballeiras, a levar os bois da arada, a sufrir coa enfermidade dunha besta, a vivir a anguria dunha treboada que pode destragar o esforzo de todo un ano. Nenos que moitas veces teñen que levar sobre o lombo cativo as angueiras do pai emigrado”. **Basilio Losada**

“Balbino representa una esperanza en el sentido de que es consciente de sus límites y de sus frustraciones, aunque no puede explicar su origen. Tiene una conversación con el enterrador del pueblo, que ve la vida como una lucha constante en la que no hay sitio para los que no hacen nada. Esto le hace pensar al niño que el ser humano, a pesar de la explotación que sufre, es en parte responsable de su existencia”. **María Lucas**

“A linguagem é autêntica e expressiva, como autênticos e expressivos são os sentimentos que a inspiram. Sente-se uma identificação com a terra e a alma da Galiza que tem muita cousa em comum com os meus Açores”. **Alberto Machado da Rosa**

“Cando tiven nas miñas mans ese libro de Neira Vilas lino dun tirón porque a verdade o libro non é longo pero é apaixonante e, inda que eu fora neno de cidade, tiña moitas reminiscencias do mundo labrego ao que pertencera meu pai denantes da súa emigración”. **Albino Mallo**


“O realismo crítico e forte na literatura galega veu da man de Balbino en 1961, de xeito entrañable e conmovedor, que fai desaparecer da literatura o labrego en abstracto. Nas “Memorias” vese a explotación infantil e a explotación de clase”.

Xosé Luís Méndez Ferrín

“Esta obra cumple su destino cabalmente (...). Vibran en ella los personajes fieles a la tierra y las angustias de un pueblo que se busca, y las maneras y los decires entrañables que orlan el paisaje botánico, puro e incontaminado”. **Víctor Luís Molinari**



Anisia, Otero Pedrayo e Neira Vilas no fogar da parella en 1959.
Otero dá conta a Neira da emocionada lectura de *Memorias...* en 1961.



“Memorias” é unha obra fermosa, excepcional e dun realismo conmovedor. A min, que tamén son de aldea, provocoume un remuíño de sentimentos e avivoume unha morea de lembranzas da nenez. **Rosalía Morlán**

“A partir do encontro coa mencionada autobiografía de Balbino, empecei a buscar, obsesivo como eu son, canto texto houbera do autor. Quen era Neira Vilas quedaba moi explicado no esquema en dez tempos que no proemio do libro (Edicións do Castro, 1968) escribiu Xesús Alonso Montero”. **Xerardo Moscoso**

“*Memorias dun neno labrego* é a radiografía etnográfica, presentada de modo máis auténtico e natural, que produciu a literatura galega en moitos anos. Esta obra representa o imaxinario dun pobo ancorado no tempo, sometido aos fantasmas dun pasado sempre presente”. **Avelino Muleiro**

“Nin é fillo de caseiros nin lle rompeu a cabeza cunha pedra a ninguén, como fixera Balbino, o neno labrego que Neira Vilas ideou hai corenta anos en Bos Aires (1960) e que logo sería (...) un auténtico best-seller na República das Letras, con centos de miles de exemplares tirados en todo o mundo. Nunca pensou tal o autor que, escapando de claves autobiográficas, define a Balbino como ‘a suma de moitos rapaces de Galicia dos anos corenta’.

Rosa Navia, Soedade Noia e Antón López

“Fermoso libro, con cerne, un dos verdadeiramente galegos entre cantos se teñen escrito; un xeito de facer arte sen receita. A súa lectura deparoume intese do máis puro goce estético polo interese narrativo, pola xusteza da descrición, e, sobre todo, por erguer ás súas páxinas a figura, tan esquecida como atraínte, do neno labrego”. **Xosé Núñez Búa**

“O que Balbino nos ten que dicir e di son aqueles episodios da súa infancia que, por ser cousas “*dos grandes*” escapan á súa lóxica, pero que el pretende comprender: a morte, a emigración, costumes e tradicións, a igrexa e os conflitos social e lingüístico”.

Camilo Ogando

“Balbino é un narrador autodixético ou autospectivo pois, ademais de narrar na primeira persoa é o asunto da narrativa. A total desenvoltura na linguaxe e o manexo dun galego rico, auténtico, sinalado por moitos estudosos como unha das principais características dese fabulador (Neira Vilas) fan da obra un testemuño da súa familiaridade co universo trasposto para o nivel da fábula”. **Claudene de Oliveira**

“Traduje *Memorias dun neno labrego* al idioma ruso y debo confesar que me enamoré profundamente del personaje Balbino, ese niño maravilloso que conmigo viajó siguiendo un rumbo opuesto al de su hermano Miguel(...). Si Balbino llegara un día aquí en carne y hueso sería un buen amigo de los niños rusos. No existiría entre ellos barreras étnicas ni lingüísticas. El mundo es uno sólo. Estas sencillas ‘memorias’ son sencillamente universales”. **Oleg Ostrovski**

“*Memorias dun neno labrego* para nós constitúe un libro de levar no corazón e na cabeza. A súa lectura sábenos a idioma, a pobo, revelador sempre”. **David Otero**

“O rapaz falaba nun galego tan ben peneirado que mesmamente se escoitaban as peneiras da Nosa Fala danzando nas mans das nais”.

Ramón Otero Pedrayo

“Con *Memorias dun neno labrego*, Xosé Neira Vilas fotografou a realidade rural galega a través da mirada introspectiva de Balbino, quen abriu o seu corazón ao mundo enteiro”. **Jesús Otero Varela**


“...es un libro que logra –lo hemos ya comprobado– una inmediata, muy emotiva y muy efectiva comunicación con aquellos a quienes está sentimentalmente dirigido y dedicado: a todos los que están ahora en el mismo país o en la emigración, que fueron alguna vez niños campesinos de Galicia”.

Basilía Papastamatú

“Un libro que envolve a un dende as primeiras páxinas”.

Valentín Paz Andrade

“A idea da montaxe de *Memorias dun neno labrego* xa estaba na miña cabeza, porque buscaba cousas para facer neste formato de narración oral, medio monólogo e medio teatro. Penseino hai tres anos porque o libro gústame moito, e cando me dei conta de que en 2011 se cumprían cincuenta anos da súa publicación, decidín esperar”. **Cándido Pazó**



Díaz Pardo comunica a Neira Vilas a saída da 1ª ed. en Galicia de *Memorias...* (1968). Isaac, Anisia e Neira en Celanova, 1997.



“Xosé Neira Vilas es un joven escritor que en *Memorias dun neno labrego* presenta un relato tan hermoso como vivo, mediante unos recursos verbales cuya calidad recuerda la de los utilizados por los mejores narradores de la generación de Castelao, Otero Pedrayo, etc.”

Valentín de Pedro

“*Memorias dun neno labrego* (1961) e *Aqueles anos do Moncho* (1971) de Xosé Neira Vilas son dúas magníficas obras da literatura galega cheas de referencias á relixión e á Igrexa no rural galego”.

Victorino Pérez Prieto

“...Falei desta obra emocionado, vencido pola súa autenticidade, a súa sinxeleza, a súa tenrura. A conferencia levaba por título: “*Memorias dun neno labrego, de Neira Vilas, unha obra mestra da nosa literatura*”. Foi en Salamanca” **Andrés Pociña**

“parodiando a Joyce acaso nos atreveríamos a bautizar estas ‘memorias’: retrato de un gallego adolescente, precisando, desde luego, las distancias entre el atormentado artista irlandés, que va de la religión a la poesía, en desesperado gesto de evasión de sus propias circunstancias, y este pequeño campesino gallego que se encara, con ingenua rebeldía, a los problemas de su existencia personal y a los colectivos de su aldea y se compromete con ellos. Un libro bello y profundo, en suma, que ha venido a enriquecer dos literaturas hermanas y que ahora proporciona a los lectores cubanos un aporte más que agradecer a este magnífico gallego”.

José Antonio Portuondo

“O que lle pedimos á literatura é que fale de nós, e *Memorias dun neno labrego* fala de min. É a historia dun neno que ten que buscar a compensación dos seus afectos e compartila cos pequenos do século XXI”. **Xabier P. Docampo**

“En Balbino atopei o heroe que nunca atopara. Aquel rapaz deume tanta forza para a vida que aínda non sei como llo hei pagar”. **Luis Quinteiro Fiúza**

“*Memorias dun neno labrego* (1961) vén inxerirse no proceso renovador da novelística galega, iniciada nesa década, ben que dende unha perspectiva complementaria e ás veces diverxente respecto dos enfoques dun Mourullo, un Ferrín ou un Casares. O éxito ou difusión desta novela na Galicia de posguerra (é un dos textos máis veces editado en toda a nosa historia literaria) quizais se deba ao tratamento literario aberto dun contexto vital que frustrou neste país a tantísimos Balbinos”. **Xesús Rábade Paredes**

“Lendo esas historias descubrimos quen eran as nosas nais e os nosos pais. E o que calaran: o frío, a fame, a lama, a lingua, a submisión, os pequenos heroísmos. E as grandes verdades que nunca pasan de moda. ‘Hai xentes de dúas castes: a que manda e a que é mandada’. A fantasma da nosa inexistente conciencia de clase”. **Belén Regueira**

“Xosé Neira Vilas tentou coa súa obra facer consciente a realidade concreta na que vivimos e desde esa visión, desde esa análise, tratar de transformar a mesma dado que é constitutivamente explotadora, colonizadora e alienante”. **Ramón Regueira**

“Creo que non é aventurado afirmar que a calidade da novela de Neira Vilas se debe, por unha parte, evidentemente, ao seu gran talento literario, pero por outra, non menos importante, a que el mesmo foi un Balbino”. **Arturo Reguera**

“Que o neno falase do mundo, de querer emigrar, ou do medo, tiña algo de insurxente. Por el falaba a infancia de Galicia”.

Manuel Rivas

“Hoxe, neste país que busca lentamente o seu espazo no mundo, Balbino séguese a petar nas conciencias de todos nós por dignificar un pasado ignorado por ignorantes interesados en manter os seus privilexios, e continúa a lembrarnos de onde vimos e cara o ande debemos ir”. **Xosé Luís Rivas, Mini**

“Los puntos de referencia con la biografía infantil de Neira Vilas son notorios, pero el escritor sabe mantener un oportuno distanciamiento para que Balbino no se convierta en un mero portavoz de las ideas de su creador”. **Jorge Rodríguez Padrón**

“Consegue darlles aos seus personaxes categoría de símbolos e universalidade, de tal xeito que a problemática de Balbino non é só galega senón que pertence a unha realidade social universal”.

Blanca Ana Roig

“A obra-prima de Neira Vilas é un desses libros que nasceram clásicos e vitoriosos e que nos alertan para que non vivamos neste mundo como estranhos na propia casa (...). Há um belo fundo moral na estória de Balbino e pelo que conheço da vida do

autor posso vislumbrar um forte cunho autobiográfico. É uma obra que encanta e o seu leitor não esquece que tem em mãos um livro que o leva a meditar na vida pelo aspecto didático que apresenta e que deve ter, penso, toda a obra para aqui valer-me da elegante expressão helênica do divino Goethe.” **Newton Sabbá Guimaraes**

“Moito temos agradecido que Balbino, aquel neno da aldea, nos contase a súa historia para vernos retratados nel. Tamén cavilamos en Balbino e nos seus, andando polo mundo, na loita pola vida sen deixar perder a casa, a aldea, a tribo, a patria.” **Felipe Senén**

“Gústame, ademais, pola saúde moral que estas páxinas revelan, e porque sendo actuais, de hoxe, semellan non ter tempo, e non se adscriben a ningunha escola literaria de moda”. **Luís Seoane**

“Balbino se parece mucho a un niño campesino ucraniano. Las mismas inquietudes, los mismos afanes, y con frecuencia la misma pobreza y la misma rebeldía”. **Serguei Sizonenco**

« J'ai été enchantée par l'histoire de Balbino parce que grâce à ce personnage, Neira Vilas fait un portrait réaliste de la vie en Galice après la guerre civile espagnole. Les soucis liés au régime politique en vigueur ainsi que les normes sociales sont présentes tout au long de l'oeuvre. L'auteur a réussi à recréer cette époque si difficile en y faisant des références explicites sans néanmoins se laisser influencer par le sérieux du sujet qui se confond avec les anecdotes du jeune protagoniste ». **Corinne Son**

“Balbino, ese adolescente protagonista, consciente da súa situación, rexéitaa e rebélase contra ela, tense pena por ser un neno pobre e por iso ansía ‘andar mundo’”. **Olegario Sotelo Blanco**


“O libro é unha verdadeira mensaxe; unha mensaxe conmovedora para cantos fomos, na nosa infancia, nenos labregos ou mariñeiros; unha obra mestra de límpida prosa galega”. **Ramón Suárez Picallo**

“*Memorias dun neno labrego* es un libro que une a su funcionalidad absoluta su carácter de testimonio único de una realidad evidente (...). Balbino describe con implacable lucidez la realidad de su existencia”. **Luís Suñón**

“O seu estilo transparente é un anecdotario doado de compartir por todo aquel que tivese contacto na súa infancia co mundo rural e fixo que *Memorias dun neno labrego* simpatice con multitude de lectores das capas sociais e das idades máis desemeillantes e dispares”. **Anxo Tarrío**

“Hay en *Memorias dun neno labrego* a verdade da aldea, fronte á mistificación e a idealización. A aldea con todo o que leva dentro, desde as experiencias sensoriais, sensuais, afectivas, o mundo dos traballos agrícolas comunitarios e tamén as relacións de poder dentro dela, a inxustiza intrínseca a ela”. **Suso de Toro**

“Na memoria dese neno labrego, non por casualidade tan querido por miles e miles de lectores e lectoras, reflíctense, no mellor e no peor, as estruturas que configuran a nosa intimidade e alimentan o cerne da nosa cultura”. **Andrés Torres Queiruga**



Algunhas das edicións de *Memorias...* realizadas en Alemaña, Canadá, Cuba ou Portugal.



“Intento lembrar a primeira vez que entraches na miña casa de Mosende. Non podo, é como se sempre estiveses alí. Como se desde o pequeno monte de libros que ía medrando me acompañases, xa que estás entre todos os libros que me habitan e viviches comigo en todas as miñas casas”. **Marga do Val**

“...é a crónica da vida cotiá das nosas aldeas, dominadas polo caciquismo, pola inxustiza e pola submisión. Responde a unha época felizmente superada”. **Xulio Valcárcel**

“Galicia tiña hoxe necesidade de modelos de nenos, modelos de mozos, modelos de vellos, modelos de homes, modelos de mulleres, modelos de vida. Estaba virxe Galicia, e en gran parte séguese estando e hai que irlle dando o que ela nos deu a todos. Neira deulle un modelo. Ei, Balbino!, berran nun dos capítulos de Neira Vilas os maiores. E que foi de Balbino?. Perdeuse ou non se perdeu? Non se perdeu porque grazas a Neira Vilas atópase vivo, cheo de lealdade, cheo de porvir, dándolle a Galicia un neno que xa vai crecendo, un neno que xa é un home e que un día destes vainos gobernar”. **Lorenzo Varela**

“... enrólase na narrativa galega coa publicación de *Memorias dun neno labrego* (1961). Cunha lingua inxel, rica, chea de celme, explora a Galicia real dos anos da nenez, da primeira xuventude; comunxa coas cousas, coa paisaxe, coas leiras, coas estruturas dunha sociedade rural enquistada”. **Benito Varela Jácome**


“Libro de grandes verdades desde o punto de vista do tempo que leva escrito e publicado sobre desta vida campesiña que nos ofrece. Visión dunha infancia naquela época en que todos os que a vivimos sabemos ben como era”. **Pura Vázquez**

“Estamos diante de uma autobiografía?. Autobiografía do período da infancia? Vejamos: trata-se de um caderno onde um rapazinho foi escrevendo o seu dia a dia, o nascer da insurreição ante os plenos poderes estabelecidos por uma sociedade dividida em dois grupos, opressores e oprimidos (...). E um rapaz que descobrindo, se descobre”. **Jose Viale Moutinho**

“*Memorias dun neno labrego* foi o primeiro best-seller da literatura galega e coido que non é unha ousadía soste que Neira Vilas é quizais o escritor que máis lectores ten gañado (debería dicir seducido, ou engaiolado...) para as nosas letras. Igualmente paradoxal resulta constatar que a súa lingua é un tesouro de enxebreza, que mergullarse nela é como pulsar a cerna do idioma e que nos permite experimentar con todos os sentidos a fascinación do auténtico”. **Dolores Vilavedra**



Fachada da Fundación Xosé Neira Vilas e Neira Vilas na biblioteca da Fundación en Gres, Vila de Cruces.



XOSÉ NEIRA VILAS

Naceu en Gres, Pontevedra, en 1928. É membro numerario da Real Academia Galega, Doutor Honoris Causa polas universidades da Coruña e da Habana, e Fillo Predilecto do Concello de Vila de Cruces. Entre outros galardóns recibiu a Medalla Castelao, o Pedrón de Honra, o Premio Trasalba, o Premio Xornalístico M. Reimúndez Portela, Premio da Crítica Española (novela en galego) e Premio da Crítica Galega (ensaio).

É un dos escritores clásicos da literatura galega.

Emigrou a Arxentina en 1949, onde fixo a carreira de Xornalismo. Foi Secretario Xeral das Mocidades Galeguistas, e Secretario da Comisión Organizadora do histórico I Congreso da Emigración Galega.

Casou coa escritora cubana, de ascendencia galega, Anisia Miranda, en 1957. Xuntos fundaron ese mesmo ano “Follas Novas”, editorial e distribuidora do libro galego no continente americano.

Colaborou na prensa galega de Buenos Aires e publicou nesa cidade o poemario *Dende lonxe*, en 1960, e a novela *Memorias dun neno labrego*, en 1961, ano en que Neira e Anisia van vivir a Cuba. Alí funda e dirixe a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística que atendeu durante 22 anos. Desempeña diversos traballos na administración, colabora na prensa, e exerce durante seis anos a xefatura de redacción da revista infantil *Zunzún*. Dende 1992 reside na súa parroquia natal, onde preside a Fundación que leva o seu nome. (A súa compañeira Anisia faleceu en 2009).

LIBROS PUBLICADOS

(entre 1960 e 2010)

Narrativa

Memorias dun neno labrego (1961)
Xente no rodicio (1965)
Camiño bretemoso (1967)
Historias de emigrantes (1968)
A muller de ferro (1969)
Remuíño de sombras (1973)
Aqueles anos do Moncho (1977)
Querido Tomás (1980)
Tempo novo (1987)
O home de pau (1999)
Relatos mariñeiros (2003)

Narrativa para nenos

Cartas a Lelo (1971)
O cabaliño de buxo (1971)
Espantallo amigo (1971)
A marela taravela (1976)
Contos vellos para rapaces novos (1983)
De cando o Suso foi carteiro (1988)
Chegan forasteiros (1993)

Poesía

Dende lonxe (1960)
Inquedo latexar (1969)
Poesía recadada (1994)
Cantarolas (1995)
Dende Gres (2004)

Testemuños

Galegos no Golfo de México (1980)
Guerrilleiros (1991)
Eduardo Blanco Amor dende Buenos Aires (1995)

Investigacións

Castelao en Cuba (1983)
A prensa galega de Cuba (1985)
Rosalía de Castro e Cuba (1992)
A lingua galega en Cuba (1995)
Memoria da emigración, I (1994)
Memoria da emigración, II (1995)
Memoria da emigración, III (1996)
Galegos que loitaron pola independencia de Cuba (1998)
Manuel Murguía e os galegos da Habana (2000)
Crónicas galegas de América (rolda primeira) (1999)
Crónicas galegas de América (rolda segunda) (2000)
Crónicas galegas de América (rolda terceira) (2001)
O sarillo do tempo (2004)
Prosas varias (2004)
Xentes e camiños (2005)
Vinte anos retornando (2006)
Arredor do mundo (2007)
Lóstregos (2009)
Encontros con Laxeiro (2009)
Cartas de vellos amigos (2010)
Presenza galega en Cuba (2010)

Lembranzas

Lar (1974)
Nai (1980)
Pan (1991)

A obra narrativa e poética de Neira, aparece en diversas antoloxías. Varios libros seus foron traducidos a outras linguas (sobre todo *Memorias dun neno labrego*), e sete deles publicáronse no sistema braille para cegos. Moitos traballos da súa autoría aparecen en textos didácticos.

Libros sobre X. Neira Vilas

La visión de Galicia en Xosé Neira Vilas,

por María Lucas (1977)

A recepción inmanente na obra de Neira Vilas,

por Dolores Vilavedra (1990)

Xosé Neira Vilas e “Xente no rodicio”,

por Xesús Rábade Paredes (1992)

Xosé Neira Vilas e Rachel de Queiroz, fabuladores artífices,

por Cleudene de Oliveira (2000)

Xosé Neira Vilas y “Memorias dun neno labrego”,

por Corinne Son (2001)

Xosé Neira Vilas (biografía),

por Ramón Regueira (2003)

Buenos Aires na obra de Neira Vilas,

por Nora Longhini (2003)

Neira Vilas na Arxentina,

por Nora Longhini (2008)



Homenaxe da Asociación de Escritores en Lingua Galega (1999).

Xosé Neira Vilas ofrece a chave da súa casa, a sede da Fundación Xosé Neira Vilas.

